



B

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO,
ALCALDE
DO CONCELLO DE PORTO DO SON**

FAI SABER:

A

Que con motivo da **FESTA DE SAN XOÁN**, para poder acender os lumeiros deberase solicitar o correspondente permiso municipal aportando copia do DNI, antes da 13:00 horas do día 20 de xuño no Rexistro Xeral do Concello.

N

Así mesmo, deberán adoptarse as medidas de precaución seguintes:

Previo ó inicio do lume, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros de ancho, rodeando o perímetro da fogueira.

Non se poderá facer a fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificulta-lo seu control, especialmente se fai vento. Se iniciada a fogueira se producira a aparición deste, suspenderase inmediatamente a operación, procedendo a apaga-lo lume.

D

Non se abandonará a vixilancia da zona queimada ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen 2 horas sen que se observen brasas ou lapas.

En todo momento deberase contar con persoal e material suficiente para o seu debido control.

Queda prohibido acender lumeiros nas praias. Tamén queda prohibido acender lumeiros nas rúas sempre que non se faga sobre unha chapa metálica.

O

Deberanse cumprir as seguintes normas de seguridade:

- Os lumeiros non poderán exceder de 6 m. de altura
- Non se poderán acender a menos de 50 m. das árbores
- Teranse á man cubos e/ou mangueras de auga.

Ó remate dos lumeiros deberanse recoller os restos e deixar a zona limpa e acondicionada, sendo responsable a persoa que solicita o permiso.

Porto do Son, 5 de xuño de 2014



Asdo) José Luis Oujo Pouso